

## CONCELLO DE NARÓN

### AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

#### EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:

- **INICIATIVA: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE NARON**

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- **INICIATIVA: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE NARON**

A finalidade perseguida coa modificación desa normativa radica na modificación e actualización dunha previa regulación aprobada polo Pleno municipal o 30 de outubro de 2008 – BOP nº 43, do 21 de febreiro de 2009-, resultando necesaria a súa adaptación á Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, ao Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante e non sedentaria, ao Decreto 118/2012, do 20 de abril polo que se regula o Rexistro galego de comercio e ao Decreto 125/2014, do 4 de setembro

polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións ata o consumidor final.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 4 de abril de 2023.